

RESUMO PROGRAMACIÓN 4º ESO TECNO

CURSO 2022-23

IES Marqués de Sargadelos

Avaliacións	Tema	Bloque	CONTIDO	LIBRO TEXTO	Mes	Nº sesións	Avaliación
		B1	BLOQUE 1. TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN				
	4	B1.1	Elementos e dispositivos de comunicación con fíos e sen eles.		ABR	8	
		B1.2	Tipoloxía de redes.				
		B1.3	Publicación e intercambio de información en medios dixitais.				
		B1.4	Conceptos básicos e introdución ás linguaxes de programación.				
		B1.5	Uso de computadores e outros sistemas de intercambio de información.				
3ª Avaliación		B2	BLOQUE 2. INSTALACIÓNS EN VIVENDAS				
	5	B2.1.	Instalacións características: eléctrica, de auga sanitaria e de saneamento.		MAIO	12	
		B2.2.	Outras instalacións: calefacción, gas, aire acondicionado e domótica.				
		B2.3.	Normativa, simboloxía, análise e montaxe de instalacións básicas.				
		B2.4.	Aforro enerxético nunha vivenda. Arquitectura bioclimática.				
		B6	BLOQUE 6. TECNOLOXÍA E SOCIEDADE				
	6	B6.1	O desenvolvemento tecnolóxico ao longo da historia.		XUN	8	
		B6.2	produtos industriais.				
		B6.3	Aproveitamento de materias primas e recursos naturais.				
		B6.4	Adquisición de hábitos que potencien o desenvolvemento sustentable.				
					Total	28	

100,00 %

METODOLOXÍA

1.- Estratexias metodolóxicas

Aspectos xerais	Partir da competencia inicial do alumnado Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe Potenciar as metodoloxía activas * Combinar traballo individual e cooperativo * Aprendizaxe por proxectos Enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas Uso habitual das TIC Papel facilitador do profesor/a
Estratexias metodolóxicas	Memorización comprensiva Indagación e investigación sobre documentos, textos, prensa,... Elaboración de sínteses Análise de documentos, gráficos, mapas, táboas de datos Comentarios de textos, gráficos, mapas Confección de liñas do tempo, gráficos, mapas Resolución de problemas Estudo de casos (proxectos) Simulacións
Secuencia habitual de traballo na aula	<p>Motivación:</p> <ul style="list-style-type: none"> * Presentación actividade con mapas, gráficos, textos, fotos, etc. <p>Información do profesor/a:</p> <ul style="list-style-type: none"> * Información básica para todo o alumnado * Información complementaria para reforzo e apoio * Información complementaria para afondamento e ampliación <p>Traballo persoal</p> <ul style="list-style-type: none"> * Lectura e comprensión de textos tecnolóxicos. * Análise de documentos, pequenas investigación, etc. * Resposta a preguntas * Resolución de problemas * Comentario de documentos, imaxes, artigos de revistas, etc. * Elaboración de ínteses, mapas conceptuais * Memorización comprensiva <p>Avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> * Análise de producións: caderno, comentarios, (Rúbricas) * Exposicións orais * Probas escritas * Traballos individuais e en grupo * Observación do traballo na aula

2.- Outras decisións metodolóxicas

1.- Agrupamentos

Os diferentes tipos de agrupamentos que serán empregados na aula-taller son:

- **Gran grupo:** para debates, chuvias de ideas, análise de resultados. Favorece o intercambio de ideas e a presentación de diversas posturas.
- **Pequeno grupo (2-5 alumnos):** para facer actividades dun xeito cooperativo, onde as diversas ideas teñan que confluír nunha única voz.
- **Equipos de traballo (Aula taller):** distribución de tarefas e suma do traballo de todos para un obxectivo común.
- **Individual:** para actividades puramente cognitivas ou de adquisición de procedementos concretos.

2.- Tempos

Na medida do posible trataranse de cumprir os sinalados na táboa de secuenciación-temporalización

3.- Espazos

A distribución de espazos dentro da aula-taller atenderá os seguintes obxectivos:

- Incrementar as posibilidades de interacción grupal.
- Potenciar na actividade escolar un grao de autonomía suficiente.
- Permitir o aproveitamento de espazos alleos á propia aula coma poden ser: biblioteca, laboratorio, sala ordenadores, salón de actos...

4.- Materiais

Aula virtual. Blog personal da profesora.

Recortes de periódicos e publicacións científicas.

Biblioteca e Internet como fontes de información.

Actividades extraescolares.

Actividades de debate, exposición oral de traballos realizados,...

Medios audiovisuais: diapositivas, vídeos, ... Programas e simuladores específicos necesarios para traballar as TIC

5.- Recursos didácticos

O ensino da área de tecnoloxía realizarase na aula-taller de que dispón o centro, na cal se poden diferenciar tres zonas de traballo: Unha zona de aula-clase teórica, unha zona de electricidade-electrónica coas mesas de traballo con saídas de corrente eléctrica, e unha terceira zona de taller de mecánica e carpintería, coa correspondente dotación de ferramentas e máquinas. Tamén se dispón dentro da aula unha zona de 8 ordenadores para traballar os contidos correspondentes a parte de control e robótica así como os distintos simuladores. Outros recursos a utilizar serán: a proxección de cortos de vídeo a través de canón proxector.

Estará a disposición dos alumnos/as tódala bibliografía, documentación e outros recursos existente no departamento para a realización dos distintos traballos.

AVALIACIÓN	Inicial, continua, final, extraordinaria. Pendentes
-------------------	--

Procedemento de avaliación inicial

En que data se realizará?
Realizarase durante a primeira quincena de outubro.

En que consistirá?
Realizarase un test de coñecementos previos co que o profesor pode facerse unha idea de cada alumno/a e da clase en xeral e servirá para promover actividades constructivas, nas que o alumno/a estableza de forma clara a relación entre os coñecementos previos e os novos.

Como se informará á familia?
Non haberá información a non ser que a avaliación sexa moi negativa.

Cales serán as consecuencias dos resultados?
Tratase de coñecer as capacidades, os ritmos de desenvolvemento e de traballo, o estilo de aprendizaxe e o interese por progresar, que anotaremos na ficha individual de cada alumno e que serán un referente fundamental para que cada alumno/a desenvolva ao máximo as súas potencialidades.

Procedemento avaliación continua

Con que temporalización se farán probas escritas?
Unha proba por trimestre.

Como se cualifican as probas, traballos individuais ou colectivos, traballo na libreta, observación. Ponderación, redondeo, ...
O caderno valorarase unha vez ó trimestre. Dentro das dúas primeiras avaliacións hai estándares que necesitan dunha rúbrica para avaliar o traballo dos alumnos.

Como se fai a media de cada unha das avaliacións? Ponderación, redondeo, ...
A calificación de cada avaliación establecerase según o peso na cualificación de cada estándar según o apartado 5 (estándares de avaliación). A cualificación final de xuño será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións, tendo aprobadas as tres avaliacións. Para a obtención da cualificación final pode darse o caso de que resulte un número con decimais e a cualificación ten que ser un número enteiro, neste caso, aplicarase o redondeo a 5 décimas (exemplo: si a cualificación media fora dun 5,4 a cualificación final sería de 5; e si a cualificación media fora de 5,6 a cualificación final sería de 6).

Que aspectos se van a valorar dentro da observación do traballo na aula?
Faranse anotacións como mínimo todas as semanas da actitude na aula e o traballo na mesma, poñendo especial coidado cando se traballa no proxecto.

Como se recupera unha avaliación non superada?
Ao finalizar cada unidade didáctica, informarase ós alumnos dos aspectos negativos da súa avaliación, se é o caso, indicándolles como os deberán solventar. Como é obvio, o sistema de recuperación proposto dependerá do tipo de contidos nos que non se acadaron os obxectivos

Procedemento avaliación final

Quen debe ir á avaliación final?
O que na convocatoria se Xuño non acadade a calificación mínima.
En que consistirá a proba ?
Na lexislación vixente está previsto un exame extraordinario no mes de setembro para o alumnado que non acadade cualificación positiva na convocatoria de xuño.
Que estándares se van avaliar? Avaliación pendentes, todos, ...
Este exame realizarase soamente da parte conceptual e procedemental se fora o caso e nas datas que se acorden no centro educativo, sendo necesario obter unha nota de 5 para superalo.
Que criterios segue o centro para a promoción?

Procedemento de aval.extraordinaria

Que tipo de proba se vai aplicar, número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.
Este exame realizarase soamente da parte conceptual e procedemental se fora o caso e nas datas que se acorden no centro educativo, sendo necesario obter unha nota de 5 para superalo.
Como se cualifica, redondeos, etc?
O alumnado que nesta convocatoria siga sen acadar cualificación positiva e promoción de curso, levará a materia correspondente pendente.

6.- Procedemento de recuperación e av.de pendentes

<p>Ao longo do curso aos alumnos/as poderá entregárselles unha serie de exercicios de repaso dos temas nos que atopan dificultades, que os entregarán ao profesor/a, cunha periodicidade trimestral, para a súa corrección.</p> <p>No caso de que o profesor/a o estime necesario, poderá realizarse unha proba conceptual, de carácter trimestral, ben escrita ou oral, que non será de carácter fixo, senón que dependerá da evolución e circunstancias de cada alumno, e será un método de control complementario do progreso do alumno/a.</p> <p>Tamén, poderá propoñerse a realización dalgún traballo escrito sobre temas que se indicarán puntualmente en función do alumno/a e do seu progreso. Este traballo constará dunha extensión mínima de 5 folios, será feito a man ou por ordenador, en función das características que se esixan no mesmo, e será entregado nas datas que se indiquen, antes de cada avaliación. No suposto de que se propoña un traballo para cada trimestre será necesario entregar os tres traballos, e telos aprobados para superar a materia de tecnoloxía pendente.</p> <p>Ademais, si un alumno/a non acadase cualificación positiva en tódolos trimestres poderá, nun exame final, examinarse dos parciais pendentes, contando ademais coa convocatoria de setembro para poder acadar os mínimos esixibles e superar a materia.</p>
